

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN,  
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico réunese no Pazo provincial ás 09:55 h do día 20 de decembro de 2024, baixo a presidencia de, **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D. JAVIER TOURÍS ROMERO**, en substitución de D.<sup>ª</sup> LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, **D.<sup>ª</sup> BELÉN CACHAFEIRO ANTA, D.<sup>ª</sup> MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D.<sup>ª</sup> MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ, D.<sup>ª</sup> DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ, D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ, D.<sup>ª</sup> NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO e D.<sup>ª</sup> MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

**1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 22 de novembro de 2024.

**2.- DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA O ANO 2025 DO PROGRAMA “CULTUREA”, DE APOIO Á PROMOCIÓN CULTURAL DE AGRUPACIÓNS OU ASOCIACIÓNS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (Expte. 2024072510)**

O presidente dá conta das bases reguladoras do programa “Culturea”, de apoio á promoción cultural de agrupacións ou asociacións da provincia de Pontevedra, aprobadas pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do 13 de decembro de 2024 e publicadas no BOPPO núm. 244, de 17 de decembro de 2024. Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria para 2025 do programa “Culturea” e regular os criterios de concesión das solicitudes de actuación de grupos con cargo ao programa que se desenvolverán na provincia ao longo do ano.

Poderán solicitar a inclusión no catálogo “Culturea” de grupos, artistas e compañías de todas aquelas manifestacións artístico-culturais que teñan o seu domicilio fiscal na provincia de Pontevedra e que se inclúan nas categorías recollidas nas bases. As entidades beneficiarias das actuacións, serán agrupacións ou asociacións sen fins de lucro legalmente constituídas e inscritas no rexistro administrativo correspondente ou as entidades locais menores da provincia de Pontevedra. As solicitudes deberán presentarse cunha antelación mínima de 15 días naturais con respecto á data de realización da actuación e a concesión das actuacións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria, convocándose con cargo á aplicación 25/330.3340.226.29 cun importe total de 1.000.000,00 €.



### 3.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DOS PATROCINIOS CON ENTIDADES PRIVADAS NO ÁMBITO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “RÍAS BAIXAS ACCIÓN” DO ANO 2024. (Expte. 2024042953)

O presidente dá conta da resolución dos patrocinios con entidades privadas no ámbito de producións audiovisuais na provincia de Pontevedra “Rías Baixas Acción” do ano 2024, para as cales as condicións xerais saíron publicadas no BOPPO núm. 139, de 17 de xullo de 2024, coa finalidade de regular a solicitude de colaboración da Deputación de Pontevedra e materializarse en contratos privados de patrocinio para a realización de proxectos audiovisuais, incluíndo obras de animación (longametraxes, curtametraxes e series) que melloren a visibilidade e a notoriedade da provincia de Pontevedra e que reúnan unha serie de requisitos. Esta liña de patrocinios imputábase con cargo á aplicación 24/330.3340.226.09 do vixente orzamento provincial por un importe de cento cinco mil (105.000,00) euros ata esgotar o devandito crédito, establecéndose uns importes máximos por patrocinio e entidade, que en ningún caso excederan o 50% do orzamento total do proxecto, co fin de realizar unha asignación máis equitativa: vinte e cinco mil (25.000,00) euros, ive incluído, para o apoio á produción de longametraxes, tres mil cincocentos (3.500,00) euros, ive incluído, para o apoio a curtametraxes e quince mil (15.000,00) euros, ive incluído, para a produción de series. O prazo de solicitude comezou a partir do día seguinte ao da publicación no BOPPO e rematou o 30 de agosto de 2024.

Con data de 29 de outubro de 2024, reuniuse a Comisión Técnica constituída para valorar individualmente e segundo os criterios obxectivos establecidos previamente, os seis proxectos que optaron á convocatoria para a realización destes contratos de patrocinios, adoptando a proposta definitiva que se detalla a continuación e se recolle no documento con CSV: 5LXH4L4BZDA6F4O5, por un orzamento total de 84.000,00 €

NIF/CIF	Nome	Título	Modalidade	Puntuación	Importe
B02713964	<b>Completo</b> Coven Films Sociedad Limitada	Monstera	Curtametraxe	50	2.000,00 €
B70222724	Maruxiña Film Company SL	Así chegou a noite	Longametraxe	83	25.000,00 €
F67820159	Mala Herba Producións S. Coop. Galega Xuvenil	Translatio	Curtametraxe	82	3.500,00 €
B70366471	Miramemira, SL	San Simón	Longametraxe	84	25.000,00 €
F27856517	Sétima Sociedade Coop Galega	As liñas descontinuas	Longametraxe	87	25.000,00 €
35490819W	Cristela Torres Nine	Algo novo que contar	Curtametraxe	82	3.500,00 €
<b>Total patrocinios 2024 .....</b>					<b>84.000,00 €</b>



#### **4.- DAR CONTA DAS BASES E CONVOCATORIA DE RESIDENCIAS ARTÍSTICAS NOVOS VALORES DO MUSEO DE PONTEVEDRA EN COLABORACIÓN CON MADRID DESTINO, CULTURA, TURISMO Y NEGOCIO, S.A. E A FONDATION WALTER & NICOLE LEBLANC (Expte. 2024065506, 2024065508, 2024066693)**

O presidente dá conta das bases e convocatoria de Residencias Artísticas Novos Valores do Museo de Pontevedra en colaboración con Madrid Destino, Cultura, Turismo y Negocio S.A. e a Fondation Walter & Nicole Leblanc, publicadas no BOPPO núm. 244, de 17 de decembro de 2024, coa finalidade de seleccionar a dous artistas que se beneficiarán dunha axuda, en réxime de concorrencia competitiva, para a creación artística contemporánea en vivo nun programa que se levará a cabo na mencionada fundación en Bruxelas e no Centro de Creación Contemporánea Matadero Madrid, dependente de Madrid Destino, durante o ano 2025.

As persoas destinatarias desta convocatoria son as persoas físicas que sexan comisarias, artistas creadoras ou investigadoras de proxectos artísticos, residentes ou nadas na provincia de Pontevedra, que teñan como mínimo 18 anos na data presentación de solicitudes e contén cun alto nivel de inglés ou francés. As persoas seleccionadas recibirán unha bolsa económica de 9.500,00 euros para o desenvolvemento do proxecto nos lugares de destino, así como para os seus gastos de transporte e manutención.

A contía consignada para as axudas desta convocatoria ascende a 19.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 25/333.3330.481.02 do vixente Orzamento Provincial. Os custos derivados dos gastos de transporte e seguro das obras estimados en 5.500,00 euros, realizarase con cargo á aplicación 25/333.3340.223.00 do orzamento provincial de 2025. O prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria comezou a contar dende o día seguinte á data da súa publicación na BDNS e no BOPPO e será de 20 días hábiles.

#### **5.- DAR CONTA DOS DATOS DE PERSOAS VISITANTES AO MUSEO DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2024**

O presidente dá conta do informe emitido pola xefa de xestión do Museo relativo aos visitantes que ao longo do ano se achegaron aos seus distintos espazos para coñecer as obras expostas permanentemente como as exposicións de carácter temporal, obténdose un total de 143.515 visitas dende o mes de xaneiro ata a primeira quincena do mes de decembro de 2024, tal como se detalla a continuación:

- Ruínas de San Domingos dende 15-07-2024 ata 31-10-2024: 72.256 persoas visitantes (no ano 2024 as Ruínas permaneceron pechadas 4 meses en comparación con anos anteriores debido a diversas actuacións de conservación levadas a cabo.



-Edifícios Castelao e Sarmiento: 70526 persoas visitantes, que en comparación co ano 2023 cun total de 62.782 persoas visitantes, fai que sexa o ano máis números de persoas visitantes nos últimos 10 anos

## **6.- DAR CONTA DOS DATOS DE VISITAS E PERSOAS USUARIAS DA BIBLIOTECA DO SERVIZO DE PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO E DO ATOPO -CATÁLOGO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO DOS FONDOS DO MUSEO DE PONTEVEDRA, DO SERVIZO DE PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO DA DEPUTACIÓN, DOS ARQUIVOS MUNICIPAIS E DOUTRAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS OU PRIVADAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, DURANTE O ANO 2024**

O presidente dá conta do informe emitido pola xefa do servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico con data de 17/12/2014, relativo aos datos de acceso ao rexistro incluídos en ATOPO, así como os realizados de maneira física nas propias instalacións do servizo, entre o 1 de xaneiro e o 18 de decembro de 2024, resultando o seguinte:

### **BIBLIOTECA: (préstamos)**

- Número total de préstamos no ano 2024: 1.206 (569 préstamos a domicilio / 637 préstamos en sala)
- Persoas usuarias que fixeron uso do servizo de préstamo/consulta nese período: 194

### **BIBLIOTECA (persoas usuarias)**

Actualmente, hai dadas de alta en Koha como persoas usuarias da biblioteca un total de 1316 persoas, das cales 88 se deron de alta neste ano 2024.

### **ATOPO (acceso on line)**

Ao longo deste ano 2024 tiveron lugar os accesos ao portal dixital ATOPO que se reflicten nos documentos facilitados polo servizo de NN.TT. Estes datos refírense tanto aos rexistros bibliográficos como documentais, xa que non se poden discernir entre eles e nos que se reflicte:

#### **ATOPO:**

- Persoas usuarias: 8.881
- Vistas: 436.000

#### **WEB DO ARQUIVO:**

- Persoas usuarias: 9.956
- Vistas: 59.449

## **7. MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) SOBRE O APOIO AO PACTO POLA LINGUA (Expte. 2024o82563)**

O voceiro do grupo provincial do Partido Popular, D. Jorge Cubela López, presentou o día 17 de decembro de 2024 co número de rexistro WEB2024078575 unha moción sobre o apoio ao Pacto da Lingua, cuxo contido é o seguinte:



*MOCIÓN SOBRE O APOIO AO PACTO DA LINGUA, QUE PRESENTA O GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, conforme ao previsto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para elevar ao Pleno a seguinte proposta que trae a súa causa na seguinte:*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*O marco normativo que protexe a nosa lingua outórgalle á Administración local un papel decisivo na promoción e normalización do uso do galego, en exercicio de competencia propia, sendo lexislación aplicable en materia de lingua galega para as deputacións e concellos de Galicia o art. 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia; os art. 4, 6, 11 e 25 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e mais o art. 7 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, así como a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias, regulamentación internacional.*

*O Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento galego en 2004, establece como obxectivos específicos para a Administración local o de “consolidar o papel normalizador das corporacións locais e das deputacións” e o de “incluír a promoción do galego no concepto de servizo que se lle ofrece á cidadanía”.*

*Así, as corporacións locais, que foron todo un exemplo de galeguización dende hai décadas, poden e deben desenvolver accións encamiñadas a implicar o conxunto da sociedade no proceso de normalización lingüística. Por seren as administracións máis próximas á cidadanía, son moi apropiadas para desenvolveren accións encamiñadas á implicación cidadá, á dinamización, á recuperación social e ao incremento do uso e prestixio do idioma propio e oficial de Galicia nos distintos ámbitos e sectores sociais.*

*Alén disto, a Rede de Dinamización Lingüística da Xunta, así como outras entidades de marcado carácter municipalista, traballan a prol da colaboración e das accións conxuntas entre as administracións autonómica e local, en resposta á necesidade de establecer unha dinámica de traballo conxunto coa que sumar esforzos, aproveitar sinerxías e evitar duplicidades. A colaboración entre as administracións constitúe, pois, unha liña estratéxica consolidada no labor común de protexer e promover a lingua propia de Galicia.*

*Despois das últimas eleccións autonómicas, o Goberno galego presentou ante o órgano legislativo a súa proposta de acadar, nesta lexislatura, un gran acordo entre todas as forzas políticas, no marco dun Pacto pola Lingua.*

*O Goberno galego puxo así enriba da mesa a súa vontade de chegar a un novo acordo en materia de política lingüística, con todas as forzas políticas representadas no Parlamento de Galicia e que inspirou as aprobacións da Lei de Normalización Lingüística e do Plan xeral de normalización*



*da lingua galega, deixando de lado todo aquilo que separa ideoloxicamente ás distintas forzas políticas, centrándose no elemento de unión de todos os galegos e galegas.*

*Os datos do IGE publicados recentemente constatan unha situación nova para o galego, en relación sempre cun cambiante paradigma social no que teñen moito que ver novos hábitos de vida, de comunicación, especialmente entre as xeracións máis novas, ou as dinámicas demográficas marcadas por un forte incremento da chegada de novos/as galegos/as dende latitudes xeográfica e culturalmente distantes da nosa, entre outras causas.*

*Ademais das forzas representadas no Parlamento, o Goberno galego trasladou a súa intención de que neste acordo tamén participen os principais actores sociais do país, cobrando especial relevancia o papel das institucións máis próximas á cidadanía, como son as propias entidades locais e as Deputacións. Por todo isto, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:*

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

*1. Instar aos diferentes axentes sociais implicados na normalización lingüística a acadar un gran acordo, entre todas as forzas con representación parlamentaria, e declarar o seu apoio ao Pacto pola Lingua para iniciar así un gran pacto social de impulso do uso do galego.*

*2. Darlles traslado deste acordo á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia.*

Sometida a votación a moción do grupo provincial do Partido Popular de solicitude de apoio ao Pacto pola Lingua, obtívose o seguinte resultado:

1. Votos a favor: (9), do grupo provincial do Partido Popular.
2. Votos en contra: (0), ningún.
3. Abstencións: (8), sendo seis (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego.

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico ditamina favorablemente a moción presentada polo grupo provincial do Partido Popular sobre o “Apoio ao Pacto pola Lingua”, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular e coas abstencións das dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.

#### **8. ROGOS E PREGUNTAS**

Non se produciron

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por concluída a reunión ás 10:00 horas do mencionado día, do que eu como secretaria dou fe.

